

Ditame
2/13

D I T A M E

sobre o anteproxecto de

Lei de **caza** de Galicia



APROBADO POLO PLENO O 4 DE ABRIL



Este documento está tamen dispoñible en
www.ces-galicia.org

“

ANTECEDENTES

1.- En data 8 de febreiro de 2013 tivo entrada no Consello Económico e Social oficio do presidente da Xunta de Galicia remitindo, para o seu preceptivo ditame polo trámite ordinario, o anteproxecto de Lei de caza de Galicia.

2.- O texto do borrador foi enviado ao presidente e aos membros da Comisión Sectorial nº 1: *Economía, emprego e sectores produtivos*, competente por razón da materia, para a elaboración da correspondente proposta de ditame. Así mesmo, tal como establece o Regulamento de Réxime Interno do CES, deuse conta á Comisión Permanente da entrada de solicitude de ditame.

3.- O día 22 de febreiro, o seu presidente convoca á Comisión Sectorial nº 1 para o 27 de febreiro de 2013, co fin de iniciar os traballos de estudo sobre a proposta de ditame.

4.- A Comisión Sectorial, na súa sesión 3/13, de data 6 de marzo, acorda aprobar a proposta de ditame e remítea á presidenta do Consello para a súa tramitación.

5.- A presidenta do CES, de acordo coa Comisión Permanente do organismo, convoca o Pleno do Consello, que na súa sesión 2/13, de 4 de abril, e tras coñecer o texto remitido, acorda aprobar o seguinte

DITAME

sobre o anteproxecto de Lei de caza de Galicia.

ESTRUTURA E CONTIDO

Tendo en conta que, tal e como se sinala na exposición de motivos, a “actividade cinexética transcende da súa condición deportiva e lúdica e gaña peso na súa función social e ambiental” e se amosa “como un instrumento de grande interese para o desenvolvemento económico de amplas zonas do noso territorio”, o presente anteproxecto de lei ten por obxecto regular o exercicio da caza coa finalidade de “protexer, conservar, fomentar e aproveitar ordenadamente os seus recursos cinexéticos de xeito compatible co equilibrio natural e cos distintos intereses afectados”.

O anteproxecto de lei consta de 95 artigos, agrupados á súa vez en seis títulos, referidos ás disposicións xerais, á clasificación dos terreos, á ordenación e aproveitamento cinexéticos, ao exercicio da caza, ás entidades colaboradoras e órganos consultivos e por último, ao réxime sancionador. Contén ademais cinco disposicións adicionais, catro transitorias, unha derogatoria e unha disposición final única.

CONSIDERACIÓNS XERAIS

- Tendo en conta que a estrutura organizativa da Administración Autonómica pode cambiar, non parece axeitado o emprego do termo de “xefatura territorial” ao longo deste borrador de anteproxecto de lei (artigos 13.4, 14.5, 15.1, 18.3, 33.1, 41.3, 46.2, 49, 50.1, 50.2, 51.1, 51.2, 69.4, 71.2, 72.1, 79.3, 90.2 e 92.a)).

É por isto que se propón modificar a expresión “xefatura territorial” por outra que encadre o mesmo significado mais non arrastre a carga da modificación lexislativa cada vez que mude a organización estrutural da Administración Pública galega. Este novo termo podería ser o de ***“órgano competente a nivel provincial”***.

- Resulta necesario incluír a mención á consulta do CES-Galicia na exposición de motivos do texto da norma proxectada.

- Noutra orde de consideracións, recoméndase unha revisión ortográfica e lingüística do texto do anteproxecto ao detectarse algúns erros. Entre outros, o uso das barras para resolver a linguaxe en materia de xénero, solución que as recomendacións oficiais da Xunta de Galicia só aconsellan para os formularios.

En varios dos artigos utilízase nas clasificacións as letras “j” e “k”, que son impropias do alfabeto galego, polo que o CES propón a súa substitución pola seguinte letra do mesmo.

CONSIDERACIÓNS PARTICULARES

Artigo 9: Terreos cinexéticos sometidos a réxime común. Zonas libres de exclusión.

En lugar da expresión “*sen máis limitacións que as establecidas nesta lei e nas disposicións que a desenvolvan*” utilizadas na redacción dos puntos 1 e 4, se considera máis adecuada a expresión “*sen máis limitacións que as establecidas nesta e nas demais leis*” por ser omnicomprensiva das limitacións legais que podan afectar á actividade da caza.

Artigo 11: Terreo cinexético ordenado (TECOR).

No que se refire á cesión dos dereitos cinexéticos contemplada dentro deste artigo, considérase que correspondería regular sistematicamente esta figura nun artigo independente, por ser un concepto diferente á definición e constitución do Tecor que regulan os apartados 1 e 2.

Artigo 14: Procedemento xeral de declaración dun TECOR.

Por motivos de seguridade xurídica para as persoas propietarias de terreos ou titulares doutros dereitos afectables pola declaración dun TECOR, propónse a eliminación da mención “...*que leven consigo o seu aproveitamento cine-xético...*”, ao considerar que esta limita as posibilidades de presentación de alegacións no trámite de audiencia pública.

Artigo 18: Vedados de caza (e concordantes)

No concernente ao seu apartado 1, se xeralmente a finalidade da maioría dos vedados é conseguir a cría da caza menor (coello, perdiz, lebre, etc.), non se entende por qué se se está a batir unha mancha para zorro ou xabarín -neste caso debido a danos a cultivos ou accidentes- e calquera deles entra na zona

vedada, non se pode continuar coa súa caza dentro do vedado. Enténdese que este caso concreto debería contemplarse como excepción ao establecido neste apartado.

O apartado terceiro deste artigo contempla que os vedados de caza poderán ser obxecto de xestión cinexética polo titular do TECOR, correspondendo ao xefe territorial autorizar a práctica da caza atendendo a razóns técnicas, de seguridade, científicas, sanitarias ou sociais.

Considérase oportuno incluír un novo apartado onde se expliciten as devanditas razóns para a autorización ou non da práctica da actividade cinexética.

Artigos 20. TECOR de carácter local. e art. 21. TECOR de carácter societario.

Estes dous artigos fan referencia a que os concellos ou entidades locais menores e as sociedades ou asociacións de cazadores legalmente constituídas poden solicitar ao seu favor a declaración de TECOR de carácter local ou societario, segundo corresponda, *“sempre que acrediten documentalmente polo menos a titularidade cinexética do 75% dos terreos”* para os que se pretende a declaración.

Sen embargo, a superficie ou terreo cinexético pode ser inferior ao 75% do terreo delimitado polo TECOR, co cal non se podería solicitar a súa declaración (caso dos encoros, polígonos industriais, autoestradas e outras superficies que non son susceptibles de aproveitamento cinexético).

Por tal motivo, propónse modificar o apartado 1 dos devanditos artigos no que se refire á expresión *“sempre que acrediten documentalmente polo menos a titularidade cinexética do 75% dos terreos”* para considerar exclusivamente os terreos netamente susceptibles de aproveitamento cinexético.

Artigo 26.- Declaración dunha explotación cinexética comercial.

Tendo en conta que hoxe en día os factores medioambientais teñen un peso específico suficiente como para poder denegarse unha solicitude de explota-

ción cinexética comercial, considérase oportuno engadir no primeiro parágrafo do apartado 2 o factor “*medioambiental*”.

No que atinxe ao segundo parágrafo dese apartado, no caso de que se solicite unha autorización para unha explotación cinexética comercial que afecte a un espazo natural protexido, considérase necesario que se someta en todo caso a unha avaliación de impacto ambiental.

Asemade, habería que engadir ás razóns para denegar a solicitude, as de “seguridade”.

Artigo 34. Zonas habitadas e artigo 41. Definición (refírese a zonas de seguridade).

O artigo 34 define as zonas habitadas como os núcleos de poboación urbanos e rurais, os parques urbanos e periurbanos de recreo, os aeroportos e os lugares de acampada permanente. Esta definición como zona habitada implica a súa consideración como terreos non cinexéticos, nos que se establece a prohibición de cazar salvo autorización pola Consellería competente por razóns técnicas, de seguridade, científicas, sanitarias ou sociais.

No artigo 41 defínense como zonas de seguridade aquelas áreas nas que deben adoptarse medidas precautorias especiais co obxecto de garantir a integridade física e a axeitada protección das persoas e bens. Neste caso, esta consideración non conleva a prohibición de cazar, senón a prohibición de circular con armas cargadas, usalas ou disparar en dirección a elas, de xeito que podan ser alcanzadas con perigo para as persoas ou os seus bens.

Considérase que non están ben harmonizados ambos os dous artigos e que a definición do artigo 34, con respecto ás zonas habitadas, debera incluír tamén algúns dos conceptos que se regulan no artigo 41 e que non quedan integrados naquela definición, concretamente: os edificios habitables illados, xardíns e parques públicos, áreas recreativas, zonas de acampada e recintos deportivos, mantendo a consideración de zona de seguridade para a franxa de cen metros ampliados aos propios terreos en todas direccións.

Artigo 41.- Definición

No concernente ás zonas de seguridade, non se comprende con suficiente claridade o que se pretende dicir no seu apartado 2 a) ao considerar como “vías públicas” as “vías férreas, as autoestradas, autovías, as vías rápidas e os corredores, as estradas nacionais, autonómicas, provinciais, comarcais e locais e as estradas convencionais, que se encontren debidamente sinalizadas”.

Se coa expresión “*debidamente sinalizadas*” o que se da a entender é que só as vías férreas, autoestradas, autovías, vías rápidas e corredores, estradas nacionais, autonómicas, provinciais, comarcais e locais e as estradas convencionais que contén coa devandita sinalización serán consideradas vías públicas, e que no caso de non contar con sinalización poderase exercer a caza sen ningunha limitación, isto poría en grave perigo a bens e persoas próximas a estas vías.

Conviría, pois, deixar claramente despexado este aspecto introducindo as necesarias correccións no texto.

Asemade, tendo en conta a importancia que en Galicia teñen os camiños públicos debidamente sinalizados, considérase oportuno incluílos neste apartado 2 a), xa que de non ser así quedarían na práctica excluídos como zonas de seguridade.

No que atinxe á franxa de cen metros de seguridade para as áreas industriais (art. 41 d), considérase que no caso de industrias con risco de incendio ou explosión esta debería ampliarse ata os 200 metros, por canto a devandita franxa semella escasa para garantir a seguridade das persoas e bens.

No concernente ao apartado 6, que prohibe o exercicio da caza nas zonas de seguridade “*salvo que se dispoña de autorización expresa*”, habería que especificar as razóns técnicas, de seguridade, científicas, sanitarias ou sociais polas que se concede a devandita autorización. Por ese motivo, propónse substituír a devandita expresión por “*salvo que se dispoña de autorización expresa xustificada*”.

Artigo 42. As zonas de adestramento de cans e aves de cetraría.

Se o que se pretende co seu apartado segundo é a separación da actividade entre TECORES lindantes, a lei xa contempla que se media acordo entre ambos non é necesario manter a distancia dos 500 metros.

O mesmo pode pasar se entre TECORES media unha barreira de separación ou ben se o límite é o mar. Tendo en conta que neses casos non hai necesidade de manter a distancia de 500 metros, propónse incorporar ao final do apartado 2 a expresión “[...] ou barreira natural ou artificial que a delimite”.

Artigo 43.- Zonas de caza permanente.

Debería especificarse con maior claridade cal é o criterio seguido para establecer no punto primeiro a excepcionalidade de *“tres meses de maior sensibilidade para a cría das especies silvestres, nos que o exercicio da caza estará prohibido”*. O CES entende que esta prohibición temporal non debe facerse de xeito homoxéneo e que tería de adaptarse ás especies non cinxéticas presentes nas zonas de caza permanente e aos seus ciclos biolóxicos.

Art. 46. Obriga da Ordenación.

Este anteproxecto de Lei establece que titulares do TECOR e das explotacións cinxéticas comerciais nas que se cacen especies silvestres, deberán presentar obrigatoriamente un Plan de Ordenación Cinxético para un período *mínimo de cinco anos e máximo de 10 anos redactado por técnico competente*.

Tendo en conta que do que se trata é de xestionar seres vivos, que dependen dun grande número de variables naturais e antrópicas, considérase que debería manterse o prazo de cinco anos previstos na actual Lei.

Artigo 57.- Licenzas. Validez e clases

Enténdese que é necesaria unha maior coherencia entre o establecido neste artigo e no apartado segundo do artigo 2 do anteproxecto.

No concernente ao apartado 7 deste artigo 57, se os secretarios poden portar arma (ver o disposto no artigo 63) deberán necesariamente estar en posesión dunha licenza de caza e dun seguro de responsabilidade civil. A definición da acción de cazar recollida no artigo 2 define a estas figuras coma alguén que está a practicar a acción de cazar, e maila definición de cazador no artigo 55 que avalan o expresado inicialmente.

Artigo 60. A responsabilidade polos danos que causan as especies cinexéticas.

Os titulares do TECOR particulares enfróntanse a dificultades probatorias nos procesos xudiciais orixinados a consecuencia de supostos nos que especies cinexéticas procedentes do seu TECOR causan danos nas leiras de propietarios de terras de cultivo.

Nestes casos, pasado o tempo dende que ocorreran os feitos, atópanse ante demandas civís nas que a valoración de danos e conseguinte reclamación de cantidade realízase sobre a base da verificación previamente realizada por axente da autoridade. Así as cousas, dita valoración resulta de imposible ou moi difícil contradición por parte do titular do TECOR, xa que o transcurso do tempo fai inviable verificar os danos reclamados e a súa valoración.

Considérase por isto necesario que o texto legal, no artigo de referencia, dé unha solución a esta problemática que ben podería ser que cando o titular prexudicado reclame a presenza no lugar dos feitos do axente da autoridade (axente facultativo medioambiental ou axente forestal) para testemuñar o dano, este cite a presenciar dito acto ao titular do TECOR supostamente causante do dano.

Artigo 74.- Os/as gardas de caza.

Considérase adecuado substituír, tanto no título do artigo como no seu punto 7, o termo “*gardas forestais*” por “*axentes forestais*” por ser este último a denominación propia do corpo.

Asemade, estímase necesario eliminar no punto 11 a expresión “*se é o*

caso”, posto que as incidencias graves deberan ser denunciadas e postas en coñecemento de modo obrigatorio á Administración Pública.

Artigo 83.- Infraccións graves.

O CES considera que todos aqueles aspectos que impliquen a afectación da seguridade das persoas deben cualificarse como faltas moi graves. Deste xeito, os apartados 12, 26, 27, 32 e 37 deberían encadrarse entre esa gradación da sanción.

Estímase oportuno a inclusión do punto 19 como infracción leve se se comproba que a mala sinalización non é debida á vontade do propio xestor. Por contra, no caso en que se mande repoñer a sinalización e non se faga, este incumprimento si debería ser considerado como infracción grave.

Asemade, enténdese que a realización de repoboacións cinexéticas sen autorización administrativa ou incumprindo as condicións establecidas nesta é unha situación o suficientemente contundente como para que sexa encadrada como falta moi grave.

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2013 ””

Vº. e P.
A PRESIDENTA

O SECRETARIO XERAL

Asdo. *Corina Porro Martínez*

Asdo.: *Juan José Gallego Fouz*



Este documento está tamen dispoñible en
www.ces-galicia.org

